

PIOM

III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES MUNICIPAL

2019-2022

CONCELLO DE BOIRO

PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES DO CONCELLO DE BOIRO 2019-2022

Edita: Concello de Boiro

Coordina: Concello de Boiro – Centro de Información á Muller, CIM

Realiza e diseña: OBZ S.L

LIMIAR

Introdución	3
Saúdo do Alcalde	5
Antecedentes	6
O III Plan de Igualdade de Oportunidades de Boiro	8
Obxectivos xerais	9
Metodoloxía. Proceso de elaboración	10
Ámbitos de actuación	12
Diagnose cuantitativa	17
Plan de acción	65
Avaliación e seguimento	75
Anexos	
Agradecementos	79
Glosario	80
Marco legislativo	85

Introdución

A **igualdade de oportunidades entre mulleres e homes** é un propósito defendido desde a aprobación do Tratado de Amsterdam en 1997 e está articulado como o **obxectivo prioritario** a acadar polas institucións públicas nos ámbitos europeo, estatal, autonómico e local.

Con todo, a pesar de existir un marco legislativo a favor da igualdade de oportunidades, continúan existindo diferenzas e discriminacións en función do xénero que fan que esta **igualdade formal** non consiga converterse nunha **igualdade real**.

Por este motivo, o Concello de Boiro quere defender un maior compromiso coa igualdade de oportunidades real e efectiva mediante a elaboración do seu **III Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes (PIOM)**, que conta con áreas de actuación específicas e cunha vixencia de catro anos, iniciándose o presente 2019 e perdurando ata o ano 2022.

O presente PIOM regúlase tendo en conta o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, na que se establece que o Concello, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal (Art.25.1), e se recoñece como competencia do municipio a prestación dos servizos sociais e dos servizos de promoción e reinserción social (Art. 25. 2, apartado k).

Da aplicación desta normativa, e da promoción da igualdade de xénero por parte do Concello de Boiro, é bo exemplo a existencia do Centro de Información ás Mulleres (CIM), que leva prestando servizo á poboación boirense desde hai anos.

Así, búscase responder cun **enfoque realista e práctico** ás necesidades detectadas e relacionadas coa igualdade, obtendo como resultado este III PIOM, que foi posible grazas á colaboración e participación de diversos axentes e entidades sociais presentes no municipio, que ofreceron importantes achegas para promover a consecución efectiva e real da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Saúdo do Alcalde

Dende as distintas institución, organismos e entidades nos últimos anos viñéronse intensificando as políticas, programas e actuacións que teñen como obxectivo impulsar unha participación igualitaria das mulleres na sociedade e garantir a igualdade real.

Esta corporación municipal ten como prioridade a igualdade entre mulleres e homes e, para iso, vaise levar a cabo o III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal do Concello de Boiro. Un plan que establece os obxectivos a cumprir e as actuacións a desenvolver, nos anos de vixencia do Plan, por parte de todos os axentes implicados.

A igualdade de dereitos e deberes entre homes e mulleres, a eliminación da brecha salarial para acadar a igualdade económica, o reparto equitativo das tarefas e, por suposto, a erradicación da violencia de xénero son algúns dos obxectivos comúns polos que queremos loitar. Todos eles se materializan no III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal do Concello de Boiro, que recolle os obxectivos que se queren conseguir e tamén como se queren conseguir.

O III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal diríxese a toda a poboación, tendo en conta as diferenzas que existen en todos os colectivos. É un Plan que xorde das demandas e inquedanzas do persoal municipal, das diferentes entidades sociais, culturais e empresariais, así como do conxunto da veciñanza. Ás persoas que forman parte de todos estes colectivos agradézoilles o seu traballo e implicación.

D. José Ramón Romero García

Alcalde

Antecedentes

O **III PIOM** do Concello de Boiro, ven completar os traballos que dende hai máis dunha década, se veñen desenvolvendo no Concello en materia de igualdade.

Así o **I Plan de Igualdade de Oportunidades do concello de Boiro**, vixente entre os anos **2005 e 2008**, supuxo a *integración das diferentes actuacións, programas específicos e recursos dispostos polo Concello para velar, impulsar e desenvolver a igualdade de oportunidades en cada campo.*

Un obxectivo que se completou coa asunción dos seguintes **principios de actuación:**

- A **transversalidade** para promover e impulsar a igualdade entre mulleres e homes en todas as actividades e medidas xerais.
- A **participación e cooperación** de toda a sociedade, potenciando o asociacionismo e a colaboración do tecido social.
- A **prevención** para conseguir a igualdade de oportunidades e impedir a discriminación para facilitar unha mellor calidade de vida.
- E a **participación equitativa** no ámbito público e privado, favorecendo a presenza de mulleres e homes en todos os ámbitos vitais.

Tras varios anos mantendo o I PIOM en situación de prórroga da súa vixencia, promovendo a igualdade de forma continua, principalmente a través dos Servizos Sociais e do Centro de Información ás Mulleres (CIM) de Boiro, o Concello retoma os traballos oficialmente e impulsa a publicación do **II PIOM (2014-2017)**, no que se manteñen os principios reitores de *integración, transversalidade, participación, cooperación e prevención.*

Coa publicación e desenvolvemento do II Plan de Igualdade de Oportunidades do concello de Boiro, establecéronse como **obxectivos xerais** dos distintos ámbitos de actuación, os seguintes:

1. Fomentar a educación baseada en valores igualitarios e a sensibilización sobre estas actitudes mediante actividades prácticas e enfocadas á realidade local.
2. Pular pola formación orientada ao emprego con perspectiva de xénero e polo emprendemento local, con promoción do empoderamento feminino. Promover a conciliación entre os ámbitos laboral, persoal e familiar.
3. Acadar a participación activa das mulleres boirenses na vida social, cultural, deportiva e de ocio e tempo libre, e a corresponsabilidade entre homes e mulleres.
4. Activar estratexias de prevención e sensibilización ante a violencia de xénero, e promover a saúde integral – física e psicolóxica – da poboación en todos os ámbitos vitais.

Uns obxectivos que se manteñen vixentes á data de elaboración deste III PIOM, e que seguen determinando as actuacións do Concello en materia de igualdade (tal e como se determina no informe de avaliación do II PIOM, así como nas memorias de actividades desenvolvidas neste período de tempo).

III Plan de Igualdade de Oportunidades

2019-2022

Nas seguintes páxinas preséntase o **III Plan de Igualdade de Oportunidades Municipal entre mulleres e homes do concello de Boiro** para o período comprendido entre os anos 2019 e 2022 que contará coa seguinte estrutura:

- **Obxectivos xerais do Plan de Igualdade segundo áreas de actuación**
- **Metodoloxía – Proceso de elaboración**
- **Áreas de actuación**
- **Diagnose cuantitativa**
- **Diagnose cualitativa – DAFO**
- **Plan de Acción**
- **Avaliación e Seguimento**
- **Agradecementos**
- **Anexos:**
 - **Glosario.**
 - **Marco legislativo.**

Obxectivos xerais

Formúlanse como **obxectivos xerais** deste III Plan de Igualdade de Oportunidades do concello de Boiro, segundo ámbitos de actuación, os seguintes:

1. Fomentar a educación baseada en valores igualitarios e a sensibilización sobre estas actitudes mediante actividades prácticas e enfocadas á realidade local.
2. Pular pola formación orientada ao emprego con perspectiva de xénero e polo emprendemento local, con promoción do empoderamento feminino.
3. Promover a conciliación entre os ámbitos laboral, persoal e familiar.
4. Acadar a participación activa das mulleres boirenses na vida social, cultural, deportiva e de ocio e tempo libre, e a corresponsabilidade entre homes e mulleres.
5. Activar estratexias de prevención e sensibilización ante a violencia de xénero.
6. Promover a saúde integral – física e psicolóxica – da poboación en todos os ámbitos vitais.

Metodoloxía

Proceso de elaboración

O Concello de Boiro, así como o persoal técnico do CIM, asumen a coordinación dos traballos e o seguimento das actuacións dispostas neste III PIOM, realizando un informe de avaliación previo, no que se detallan as actuacións e principais resultados acadados en cada un dos ámbitos de intervención dispostos no II PIOM, co fin de determinar as áreas e medidas de acción dispostas para cada unha delas, tendo en conta o seu impacto real e resultados da súa intervención.

O proceso de elaboración deste III Plan de Igualdade de Boiro, complétase coa consulta e participación aos grupos de interese identificados (asociacións, empresas, persoal do Concello, grupos de goberno, etc.) que a través das súas achegas, axudan a detectar as necesidades sociais sobre as que traballar para conseguir a igualdade de oportunidades real que defende este PIOM.

As fases do proceso de elaboración do Plan de Igualdade resúmense no seguinte esquema:

1. Impulso e coordinación inicial.

- Configuración do equipo técnico.
- Achega de documentación.

2. Información e coordinación municipal.

- Divulgación e invitación a todas as concellerías á participación.

3. Deseño e realización da diagnose participativa.

- Análise cuantitativa.
- Análise cualitativa da situación da igualdade de xénero.

4. Elaboración do Plan.

- Planificación operativa da estratexia de actuación.

A principal vantaxe de utilizar técnicas participativas é un coñecemento máis realista e achegado á sociedade, que favorece unha resposta adecuada ás problemáticas que se detectan.

A información tratada durante o proceso de investigación obtívose a través de fontes oficiais estatais e autonómicas, persoal técnico do CIM de Boiro e, por suposto, de axentes sociais de distintos ámbitos. Desta forma conseguiuase unha perspectiva global da realidade boirense.

Partindo da recompilación de información cuantitativa e cualitativa elaborouse un diagnóstico que permite crear un plan de acción para alcanzar a igualdade de feito entre mulleres e homes.

Metodoloxía e participación:

- **Presentación institucional do Plan.**

- **Cuestionarios:**

Tecido asociativo.

Entidades locais.

Persoal técnico municipal.

Persoal político municipal.

Ámbitos de actuación

Tendo en conta a intervención integral formulada no **III Plan de Igualdade de Oportunidades de Boiro**, destácanse **5 áreas de actuación** que, ademais de recoller medidas específicas, favorecen a transversalidade do concepto de *igualdade* entre os distintos ámbitos sociais. Esta interrelación pretende favorecer e acadar unha maior consecución de obxectivos, posto que este éxito só se poderá considerar tal grazas a unha colaboración efectiva entre os diferentes ámbitos que compoñen a vida boirense.

A continuación explícanse as áreas ou ámbitos de actuación do III PIOM de Boiro, os cales servirán de referencia para cumprir cos obxectivos xerais anteriormente citados.

1. Área de Educación e Sensibilización.

A **educación** pode definirse como o *proceso de concienciación cultural, moral e estrutural por medio do que se transmiten coñecementos, valores, costumes e formas de actuar, a través da palabra e das nosas accións, sentimentos e actitudes.*

Esta idea permite comprender que a transmisión de valores en cada sociedade está influída polas tradicións culturais e os costumes. Por este motivo, é importante promover **a sensibilización e a implicación** a favor da igualdade de oportunidades a través da **educación** máis aló das aulas, afianzando os valores igualitarios en todos os ámbitos sociais, para conseguir que as novas xeracións – nenas e nenos, futuras mulleres e homes – aprendan comportamentos non discriminatorios.

2. Área de Formación, Emprego e Conciliación.

O **mercado laboral** adoita definirse como o *mercado onde conflúen oferta e demanda de traballo, relacionado coa igualdade das persoas traballadoras e a necesidade de garantir a mesma.*

Efectivamente, a día de hoxe existen leis e normas que regulan a igualdade formal, pero esa igualdade non é real, posto que no ámbito laboral aínda se perciben fendas de xénero que condicionan o acceso, a permanencia, a promoción laboral e mesmo a retribución salarial segundo o sexo da persoa, e véndose máis prexudicadas as mulleres que os homes. Isto é denominado **segregación horizontal** e **segregación vertical**.

Neste sentido pódense engadir dous conceptos clave relacionados co acceso e a promoción no mercado laboral: a **formación** e a **conciliación**.

Por unha banda, a **formación** aínda acostuma estar feminizada ou masculinizada en determinados sectores, mantendo a igualdade formal lonxe de converterse en real.

E, por outra, algo semellante acontece coa **conciliación**, posto que a pesar de existir leis que deberan favorecer o reparto do tempo profesional, persoal e familiar de forma equilibrada entre mulleres e homes, a realidade demostra que quen adoita ocupar máis tempo para o coidado da familia son as mulleres, chegando a reducir xornadas laborais ou abandonar os seus postos de traballo cando as necesidades familiares son incompatibles co desenvolvemento profesional.

Por este motivo, é preciso promover a sensibilización e a implicación da sociedade boirense para fomentar unha igualdade de oportunidades e, en consecuencia, unha conciliación real de mulleres e homes.

3. Área de Participación Social e Corresponsabilidade.

A **participación social** fai referencia ás accións ou iniciativas que buscan impulsar o desenvolvemento dunha zona – neste caso a local – a través da integración e a participación activa da comunidade no ámbito social e político.

Estas accións adoitan desenvolverse principalmente en organizacións e asociacións de diverso tipo: ONG, asociacións veciñais, asociacións culturais, agrupacións deportivas, etc. Pero ás veces se comproba que **a participación de mulleres e homes é desigual** en segundo que ámbitos. Tal é o caso das asociacións deportivas, e en concreto das futbolísticas, onde a presenza de homes é moi superior ca das mulleres; ou o caso dalgunhas asociacións culturais, onde a presenza feminina é maior que a masculina.

Así e todo, a posibilidade de participar activamente na vida social pode estar condicionada por circunstancias persoais e prexudicada pola falta de **corresponsabilidade** no fogar, a cal facilitaría o reparto de tarefas e responsabilidades familiares e domésticas. Neste sentido, quen adoita renunciar á participación social – como acontece noutros ámbitos vitais – é a muller, vendo así condicionado e limitado o seu desenvolvemento persoal.

4. Área de Violencia de xénero.

Segundo a Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, artigo 1.1., defínese a **violencia de xénero** como *a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exércese sobre estas por parte de quen sexa ou fora o seu cónxuxe ou de quen estea ou estivera ligado a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións ou a privación arbitraria de liberdade.*

O Concello asume as competencias en materia de política de igualdade de oportunidades, así como a dotación dos recursos necesarios para garantir a prevención da violencia e a protección das vítimas de violencia de Xénero. O I e II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Boiro xa introducían medidas específicas de intervención nesta materia, pero dada a importancia e o incremento do número de consultas presentadas ante o CIM, considérase que esta área debe pasar a ter unha entidade propia, respondendo de xeito singular, ás necesidades das vítimas e das persoas delas dependentes.

Coa introdución desta área diferenciada, O III PIOM pretende impulsar o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes en todas as áreas das políticas municipais, así como fomentar a concienciación e sensibilización social, a promoción e adopción de medidas preventivas que tendan á eliminación ou redución das desigualdades entre homes e mulleres. Ademais, considérase que os servizos dispostos a través do CIM, veranse completados coas medidas específicas de intervención, co fin de traballar para garantir a protección integral, orientación, asesoramento e atención social especializada, así como o desenvolvemento de accións destinadas á sensibilización social e á prevención da violencia de xénero.

5. Área de Saúde.

Segundo a Organización Mundial da Saúde (OMS), a **saúde** é o estado de completo benestar físico, mental e social, non limitado á ausencia de infeccións ou enfermidades. Por este motivo, é preciso atender de forma especial a saúde mental e social – grandes esquecidas a favor da saúde física – posto que ambas se caracterizan polo equilibrado estado psíquico dunha persoa e a súa aceptación.

Por isto, ademais de manter as actividades deportivas e o fomento dunha vida saudable entre a veciñanza, dende a perspectiva de xénero, esta área diferénciase neste III PIOM co fin de impulsar medidas municipais que aborden as diferenzas existentes entre as doenzas sufridas por homes e mulleres, (afondando na orixe e prevención de determinadas enfermidades como a depresión ou patoloxías musculoesqueléticas), así como a baixa calidade das relacións e participación social das mulleres que soportan os coidados, desatendendo na maioría dos casos a súa vida persoal.

Diagnose cuantitativa

A **diagnose ou análise cuantitativa** dentro da investigación social permite medir e estudar datos de forma obxectiva, **aportando información neutral sobre un contexto determinado**. Por este motivo, é importante realizar unha análise de tales características, xa que facilita información básica sobre o contexto obxecto de estudo.

Partindo da análise cuantitativa, e para unha análise íntegra, é preciso continuar o estudo cunha **análise cualitativa** da realidade social, que aporta **información subxectiva e máis detallada** a través das achegas das persoas que viven no contexto de referencia.

Así, os apartados estudados fan referencia a **diferentes ámbitos que conforman a realidade do concello de Boiro**: poboación, educación, traballo, participación social, saúde e violencia de xénero.

As fontes de información obxectiva consultadas para esta análise son:

- Instituto Galego de Estatística (IGE)
- Instituto Galego de Cualificacións (IGC)
- Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI)
- Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX)
- Concello de Boiro
- Centro de Información ás Mulleres (CIM) de Boiro

Ao longo deste informe **préstase especial atención ás diferenzas segundo sexo para identificar os aspectos que afectan a mulleres e homes – especialmente a mulleres – e que dificultan a consecución dunha igualdade de oportunidades real**.


Como aspecto a destacar, cabe dicir que un dos apartados máis importantes desta análise é o relativo á **violencia de xénero**, posto que é a manifestación máis grave das desigualdades por cuestión de xénero.

Poboación

EVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA

Tendo en conta a **evolución da poboación rexistrada nos últimos 10 anos**, obsérvase un incremento global de 114 persoas, e unha distribución por sexos maior no caso das mulleres. Con todo, destácase a tendencia ao descenso paulatino de poboación que se ven producindo dende o ano 2015, tras sete anos de incrementos rexistrados.

Gráfico P1. Evolución da poboación. Concello de Boiro. Anos 2008-2018



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do INE.

Táboa P1. Evolución da poboación. Concello de Boiro. Anos 2008-2018.


Evolución da poboación dende 2008 a 2018			
Ano	Homes	Mulleres	Total
2008	9.107	9.623	18.730
2009	9.191	9.692	18.883
2010	9.304	9.772	19.076
2011	9.314	9.792	19.106
2012	9.350	9.815	19.165
2013	9.373	9.771	19.144
2014	9.306	9.754	19.060
2015	9.248	9.702	18.950
2016	9.206	9.665	18.871
2017	9.227	9.658	18.885
2018	9.191	9.653	18.844

Fonte: INE Base

Segundo os últimos datos publicados polo INE a 1 de Xaneiro de 2018, **o número de habitantes en Boiro era de 18.844**, dos cales 9.653 eran mulleres (51,23%) e 9.191 eran homes (48,77%), amosando un reparto por sexos próximo á paridade.

Segundo se pode apreciar na **pirámide de poboación**, os datos analizados segundo sexo e idade, amosan unha concentración da poboación entre os 35 e 55 anos (supoñendo o 33% do total), destacando o tramo comprendido entre os 40 e 45 anos, concentrando o 9,55% dos homes, e 8,65% das mulleres. Un datos que evidencian unha tendencia ao envellecemento da poboación (na liña do resto de Concellos de Galicia).

Gráfico P2. Pirámide de poboación. Concello de Boiro. Ano 2018.



Táboa P2. Distribución da poboación por sexo e tramos de idade. Boiro, 2018.

Poboación de Boiro por sexo e idade 2018 (grupos quinquenais)			
Idade	Homes	Mulleres	Total
0-5 anos	359	371	730
0-10 anos	483	385	868
10- 15 anos	477	485	962
15-20 anos	432	448	880
20-25 anos	430	414	844
25-30 anos	478	448	926
30-35 anos	556	574	1.130
35-40 anos	792	760	1.552
40-45 anos	878	835	1.713
45-50 anos	742	785	1.527
50-55 anos	713	729	1.442
55-60 anos	611	618	1.229
60-65 anos	515	551	1.066
65-70 anos	509	535	1.044
70-75 anos	447	513	960
75-80 anos	309	397	706
80-85 anos	269	404	673
Máis 85 anos	191	401	592
Total	9.191	9.653	18.844

Fonte: INE Base

Aínda que a poboación nova manteña cifras semellantes ás da poboación maior, isto non garante un relevo xeracional suficiente, posto que as idades intermedias contemplan cifras moi superiores ás da poboación infantil e xuvenil.

Con todo, valórase a posibilidade de que tal relevo poida asegurarse no caso dos varóns, pola cantidade de nenos e rapaces que se describen no gráfico, precisando un maior relevo xeracional para as mulleres.

Táboa P3. Poboación de Boiro segundo sexo e grupos de idade. Boiro, 2018.

Poboación (Padrón)	Total	Homes	Mulleres
Poboación total	18.844	9.191	9.653
de 0 a 15 anos	2.722	1.408	1.314
de 16 a 64 anos	12.147	6.058	6.089
de 65 e máis anos	3.975	1.725	2.250

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Na **táboa P1** pódense comprobar as cifras de **poboación segundo grandes bloques de idade**, distinguindo:

- A poboación inactiva, por un lado a máis nova, ata os 15 anos, e por outro lado a de máis idade, maior de 65 anos.
- E a poboación activa ou en idade de traballar, independentemente do seu estado de ocupación, que corresponde ao bloque entre os 16 e os 64 anos.

As cifras que se contemplan amosan que aínda que entre os grupos de 0 a 15 anos e de 16 a 64 anos apenas existen diferenzas entre mulleres e homes, no grupo de máis de 65 anos hai unha diferenza que confirma que a esperanza de vida das mulleres é superior á dos homes, seguindo a mesma tendencia que no resto do territorio galego. Así, as mulleres que superan os 65 anos conforman un 23,31% da poboación feminina e os homes un 18,77% entre o conxunto dos varóns.

Un aspecto importante, que se aprecia de forma máis clara nas cifras que na pirámide de poboación, é a gran diferenza de poboación entre o total de persoas de "ata 15 anos" e o total de persoas "maiores de 65", xa que hai 317 homes maiores máis que nenos e rapaces, e 936 mulleres maiores máis que nenas e rapazas.

Táboa P4. Indicadores de poboación. Boiro, 2016 e 2017.

Indicadores demográficos		Data de referencia
Taxa bruta de natalidade (‰)	8	2016
Taxa bruta de mortalidade (‰)	8,42	2016
Índice de envellecemento	113,77	2017
Taxa bruta de nupcialidade (‰)	3,3	2016

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Seguindo coa análise demográfica de Boiro, préstase atención agora aos **principais indicadores de poboación no municipio**.

A **taxa bruta de natalidade** refírese á relación entre o número de nacementos producidos nun lugar e período de tempo concreto – neste caso, Boiro no ano 2016 – e a cantidade total de poboación. Analízase como o número total de nacementos por cada 1000 habitantes.

Así, nos casos aos que se fai referencia, 2016 e 2017 – non dispoñendo de cifras oficiais posteriores – a taxa bruta de natalidade no concello de Boiro, medido en tantos por mil (‰), foi de 8, é dicir, que por cada 1000 habitantes de Boiro tiveron lugar 8 nacementos. Un dato superior á taxa galega (7,02) e aos datos da provincia da Coruña (7,43) e da comarca do Barbanza (7,82), territorio ao que pertence o concello de Boiro.

Pola súa banda, a **taxa bruta de mortalidade** fai referencia ao suceso demográfico oposto: mídese o número de falecementos por cada 1000 habitantes nun lugar e tempo concreto.

Polo que se pode comprobar, en Boiro prodúcense 8,42 defuncións por cada 1000 persoas, por debaixo das cifras relativas a outros ámbitos territoriais como Galicia (11,7), a provincia da Coruña (11,2) e a propia comarca do Barbanza considerada no seu total (9,94).

Tal e como se puido ver no gráfico anterior – Evolución da poboación – o número de habitantes en Boiro mantense máis ou menos estable, pero iso contrasta coa relación entre o número de nacementos e o de defuncións, posto que esta vinculación condiciona a posibilidade do relevo xeracional xa comentado anteriormente.

En canto ao **índice de envellecemento**, correspóndese coa relación entre a cantidade de poboación de 65 e máis anos e a poboación nova, comprendendo a infancia e os primeiros anos da xuventude, ata os 20 anos aproximadamente.

A cifra recollida na presente táboa amosa que existe unha clara diferenza entre a cantidade de poboación nova e a poboación maior, supoñendo no ano 2017 un índice do 113,77, constatando as diferenzas analizadas na pirámide de poboación e por tramos de idade, sendo superiores no caso das mulleres.

Para rematar, a **taxa bruta de nupcialidade** relaciona o número de matrimonios dun lugar e tempo concreto con cada 1000 persoas dentro do mesmo contexto. Así, vese que a cifra de matrimonios en Boiro era de 3,3 por cada 1000 habitantes, igualando a cifra comarcal (3,33), pero por debaixo da cifra autonómica (3,45) e da provincial (3,73).

Táboa P5. Indicadores de fecundidade. Boiro, 2016.

Indicadores de fecundidade	
Idade media á maternidade	31,6
Número medio de fillos por muller	1,23

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

De forma máis específica, préstase atención aos **indicadores de fecundidade**, que remarcan que no ano 2016 (último dato dispoñible no IGE), a **idade media á maternidade** das mulleres de Boiro era de case 31,6 anos, un pouco por encima da media comarcal (31,06 anos), e por debaixo da idade media autonómica (32,57) e provincial (32,69).

O **número medio de fillos e fillas por muller** – 1,23– é moi semellante ao do resto de ámbitos territoriais comentados: 1,13 no conxunto de Galicia, 1,17 a nivel de provincia, e 1,3 no conxunto da comarca.

Isto amosa a tendencia xeral do retraso na idade da maternidade e a redución do número de fillas e fillos a ter.

En gran medida, este feito está causado polas **dificultades para conciliar a vida persoal e laboral** – que na maior parte dos casos recae nas mulleres – e a

situación socioeconómica, marcada polo acceso tardío ao mercado de traballo, e as condicións de temporalidade e parcialidade das contratacións.

MIGRACIONES

Táboa P6. Saldo migratorio. Boiro, 2013-2017.


ANO	Total	Saldo interno	Intraprovincial	Co resto de Galicia	Saldo externo	Co resto de España	Co estranxeiro
2013	-52	-5	5	-10	-47	-25	-22
2014	-46	-5	3	-8	-41	-2	-39
2015	-21	21	21	0	-42	-27	-15
2016	41	8	15	-7	33	-2	35
2017	1	-12	-8	-4	13	1	12

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Tomando como referencia os datos dispoñibles dos cinco últimos anos, o **saldo migratorio** que se trata neste punto refírese ao **balance existente entre a inmigración e a emigración**, considerando que se a primeira é superior á segunda, os valores serán positivos e, polo tanto, indicarán que o lugar de referencia gaña poboación. Neste senso, pódese comprobar na táboa adxunta, que o saldo migratorio en Boiro resulta negativo entre o 2013 e o 2015, cun punto de inflexión positivo, no ano 2016.

As cifras máis baixas tanto do **saldo interno** como do **saldo externo** rexistráronse no ano 2013, mentres que no ano 2016, prodúcese un cambio de rexistro positivo en ambos casos. O ano 2017 péchase cun saldo interno negativo, mentres que o saldo externo segue a ser positivo.

Gráficos P3. Poboación segundo lugar de nacemento. Concello de Boiro. Ano 2018.



Fonte: INE Base


Segundo os datos publicados polo INE procedentes do padrón municipal de 2018, o 71.36% (13.448) dos habitantes empadroados no Concello de Boiro naceron nel, o 24.55% emigraron a Boiro dende diferentes lugares de España, o 18.32% (3.453) desde outros municipios da provincia de A Coruña, o 3.47% (653) dende outras provincias da comunidade de Galicia, o 2.76% (520) dende outras comunidades autónomas e o 4.09% (770) emigraron a Boiro dende outros países.

Segundo os datos ofrecidos polo INE na estatística do padrón, dos 770 habitantes empadroados en Boiro, nados noutros países:

- 449 habitantes, 177 homes e 272 mulleres, naceron en América.
- 242 habitantes, 117 homes e 125 mulleres, en Europa.
- 49 habitantes, 34 homes e 15 mulleres, en África.
- 27 habitantes, 14 homes e 13 mulleres en Asia.
- 3 habitantes, 1 home e 2 mulleres, en Oceanía.

No seguinte gráfico pódese observar a distribución porcentual da poboación estranxeira por país de orixe, destacando Venezuela,

Gráfico P4. Porcentaxe da poboación estranxeira segundo países de procedencia. Boiro, 2018.



Táboa P7. Distribución da poboación estranxeira por países de orixe. Ano 2018.

PAIS	ANO 2018	DIFERENZA (2017)	% SOBRE TOTAL
Francia	47	-1	6,10%
Italia	3	1	0,39%
Polonia	9	0	1,17%
Portugal	36	-3	4,68%
Reino Unido	12	2	1,56%
Alemaña	22	0	2,86%
Romanía	33	-5	4,29%
Ucrania	3	1	0,39%
Rusia	1	0	0,13%
Arxílea	2	0	0,26%
Marrocos	15	7	1,95%
Nixeria	1	-1	0,13%
Senegal	15	4	1,95%
Cuba	13	0	1,69%
República Dominicana	48	1	6,23%
Arxentina	60	-1	7,79%
Bolivia	1	1	0,13%
Brasil	58	4	7,53%

PAIS	ANO 2018	DIFERENZA (2017)	% SOBRE TOTAL
Colombia	40	0	5,19%
Chile	44	-1	5,71%
Ecuador	5	-1	0,65%
Paraguai	6	-1	0,78%
Perú	10	1	1,30%
Uruguai	28	1	3,64%
Venezuela	82	13	10,65%
China	11	2	1,43%
Outros	165	0	21,43%

Fonte: INE Base

Educación

Táboa E1. Alumnado matriculado segundo sexo e nivel de ensino. Concello de Boiro. Comparativa 2013-2018

2013	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Total	2.562	1.291	1.271
Educación infantil	475	262	213
Educación primaria	1.081	526	555
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	643	317	326
Bacharelato ordinario	241	117	124
Ciclos formativos grao medio ordinarios	59	44	15
Ciclos formativos grao superior ordinarios	48	14	34
Programas cualificación profesional inicial	15	11	4


2018	Ambos sexos	Homes	Mulleres
Total	2.124	1.099	665
Educación infantil	396	213	183
Educación primaria	976	534	442
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	752	352	40

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Segundo os últimos datos publicados polo IGE en materia de educación, obsérvase respecto do ano 2013 un **descenso no número de matriculacións rexistradas no alumnado de educación infantil e primaria** (na liña do descenso de poboación que se ven producindo no Concello, xa analizado con anterioridade).

O total do alumnado matriculado en centros públicos no ano 2018 (2.124) supón o 11,27% da poboación total do Concello.


Gráfico E1. Alumnado estranxeiro segundo sexo e continente de procedencia. Boiro, 2013.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

O último dato sobre o alumnado matriculado nos centros educativos do concello (gráfico E2. Ano 2013) reflicte que soamente un 2,2% de alumnas e un 2,7% de alumnos teñen orixe estranxeira, destacando principalmente orixes suramericanas, respecto a outros continentes (un dato que se mantén na liña das nacionalidades descritas no apartado de migracións).

Gráfico 2. Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares con nivel de estudos clasificable por tipo de estudos, segundo o sexo e o tipo de estudos. Concello de Boiro. Ano 2018



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)


Tal e como se comproba no gráfico E3, o alumnado con 16 e máis anos que se atopa cursando estudos (1.736) representa o 9,21% do total da poboación do Concello no ano 2018.

Segundo a súa tipoloxía, o alumnado concéntrase nos estudos relacionados con Ciencias Sociais e a formación técnica e industrias.

Se atendemos ao reparto por sexos, destácase a **case paridade da poboación de 16 e máis anos clasificada por nivel de estudos**, cun reparto do 49% dos homes (848), fronte ao 51% das mulleres (888), polo que de entrada, non se observan obstáculos no acceso á educación destes niveis.

Con todo, da análise dos datos, si se desprende una **clara segregación ocupacional**. Así, mentres as mulleres se concentran nas ramas de ciencias sociais, saúde e servizos sociais; os homes fano na formación técnica e industria.

Gráfico E3. Centros educativos segundo titularidade do centro. Boiro, 2018.




Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Do total de **11 centros educativos** cos que conta o Concello de Boiro no ano 2018, **só 1 é de titularidade privada**.


A continuación móstrase a división destes centros segundo a ensinanza que imparten e as unidades, reflectindo o ensino infantil, o ensino obrigatorio, os programas de cualificación e as ensinanzas postobrigatorias.

Gráfico E4. Centros educativos segundo tipo de ensinanza. Boiro, 2018.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Gráfico E5. Unidades nos centros educativos. Boiro, 2018.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Gráfico E6. Profesorado segundo sexo en centros públicos. Boiro, 2018.

TOTAL	HOMES	MULLERES
244	72	172

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

De acordo coa información obtida do Instituto Galego de Estatística, a presenza de homes e mulleres no profesorado do **ensino público** resulta desequilibrada (tendo en conta o principio de equilibrio determinado na LO 3/2007, no que ningún dos sexos debería superar o 60% ou situarse por debaixo do 40%).

Este reparto proporcional reflicte a segregación ocupacional existente, con **profesións feminizadas e masculinizadas**, fomentada por unha socialización diferencial que promove a maior ou menor presenza dun sexo ou outro en determinadas áreas formativas e sectores laborais e que xa se viu representado con anterioridade, no gráfico relativo ao alumnado universitario segundo ramas de estudo.

Poboación


DESEMPREGO

Táboa T1. Paro rexistrado segundo nivel académico e sexo. Concello de Boiro. 2018

Grupo Académico	Paro rexistrado Mulleres	% sobre total Mulleres	Paro rexistrado Homes	% sobre total Homes	Paro rexistrado TOTAL	% TOTAL
ATA CERTIFICADO DE ESCOLARIDADE	309	44,98%	263	56,56%	572	49,65 %
TITULACIÓN ENSINANZA OBRIGATORIA	167	24,31%	99	21,29%	266	23,09 %
FORMACIÓN PROFESIONAL	112	16,30%	58	12,47%	170	14,76 %
B.U.P / BACHARELATO SUPERIOR / C.O.U	37	5,39%	18	3,87%	55	4,77 %
TITULADOS UNIVERSITARIOS	62	9,02%	27	5,81%	89	7,73 %
TOTAL	687	100%	465	100%	1.152	100%

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

Gráfico T1. Porcentaxe da poboación en situación de paro segundo nivel académico e sexo. Boiro, 2018.



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

A **poboación en situación de paro** no concello de Boiro ten un perfil académico maioritariamente **relacionado coas ensinanzas** básicas ou co certificado de escolaridade, sen rematar os estudos básicos. Así, o 49,65% da poboación en paro, só ten estudos ata o nivel de certificado de escolaridade.



Dentro deste tramo, as persoas sen estudos básicos, adoitan relacionarse con poboación maior que se atopou na necesidade de abandonar os seus estudos para traballar, mentres que a poboación que conta soamente con estudos básicos, acostuma explicarse pola prematura incorporación ao mercado laboral (ben polas posibilidades de emprego e/ou beneficios económicos en determinados sectores, ben por necesidade, con causa directa na non continuidade formativa).

Atendendo aos datos de nivel de estudos da poboación en paro, desagregados por sexo (táboa 1), obsérvase que:

- O 49,65% de poboación en paro conta soamente co certificado de escolaridade, afectando esta situación ao 56,56% das mulleres e ao 44,98% dos homes.
- O 23,09% da poboación en paro ten titulación de ensino obrigatorio, sendo no caso das mulleres, o 24,31%.
- Un 14,76% cursou formación profesional, representando no caso das mulleres o 16,30%, fronte ao 12,47% dos homes.
- O 4,77% obtivo a titulacións como BUP, COU ou Bacharelato superior, sendo no caso das mulleres o 5,39% do total.
- E, por último, un 5,81% da poboación en paro conta con titulacións universitarias, elevándose esta porcentaxe no caso das mulleres ao 9,02%.

Segundo esta información, compróbase que existe unha relación inversamente proporcional entre a titulación educativa acadada e a situación de paro, é dicir, que cando menor sexa a formación, maior risco hai de atoparse nesta circunstancia.

Gráficos T2 e T3. Distribución porcentual da poboación en situación de paro segundo actividades e sexo. CNAE 09 (Clasificación Nacional de Actividades Económicas). Boiro, 2018.



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

Para continuar a análise do paro en Boiro, neste punto préstase atención ás **actividades económicas** con maiores porcentaxes de **paro** (gráficos T2 e T3), destacando:

- Entre a **poboación feminina**:
 - As actividades relacionadas con tarefas administrativas e servizos, así coma a industria manufactureira, son as máis afectadas, contando cun 28,24% e 26,06% respectivamente.
 - Séguenas de lonxe, as actividades de hostalaría – 10,92% – e actividades de comercio por xunto e polo miúdo – 10,77%.
 - Destacar o 4,66% das mulleres paradas sen emprego anterior.

- Entre a poboación masculina:
 - A construción destaca sobre as demais actividades, afectando a un 19,78% de boirenses.
 - Séguenas de preto a industria manufactureira, cun 16,77% de homes en situación de paro, e o 12,26% das actividades relacionadas con tarefas administrativas e servizos.
 - Destacar o 6,24% da poboación masculina en paro, que non conta con emprego anterior.

Analizando os datos de paro por tramos de **idade**, obsérvase que a maior porcentaxe se concentra entre os 40 e os 49 anos (cun 29,43% do total). No caso das mulleres, esta porcentaxe elévase ata o 32,61%, mentres que no caso dos homes, a porcentaxe descende ao 24,73%, evidenciando a maior afectación do paro feminino.

Táboa T2. Paro rexistrado segundo idade. Boiro, 2018.


GRUPOS IDADE	% Paro feminino	% paro masculino	% Paro Total
DE 16 A 19 ANOS	0,73%	1,94%	1,22 %
DE 20 A 24 ANOS	4,80%	6,02%	5,30 %
DE 25 A 29 ANOS	9,17%	10,11%	9,55 %
DE 30 A 34 ANOS	11,21%	9,46%	10,50 %
DE 35 A 39 ANOS	9,75%	9,46%	9,64 %
DE 40 A 44 ANOS	15,43%	11,83%	13,98 %
DE 45 A 49 ANOS	17,18%	12,90%	15,45 %
DE 50 A 54 ANOS	10,77%	14,62%	12,33 %
DE 55 A 59 ANOS	10,77%	14,19%	12,15 %
DE 60 A 64 ANOS	10,19%	9,46%	9,90 %
TOTAL	100,00 %	100,00 %	100,00 %

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

CONTRATACIÓNS


Ocupacións máis contratadas. Boiro, 2018.

Gráfico T4.



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

Gráfico T5.



Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

Os **gráficos T4 e T5** reflicten as ocupacións que no ano 2018 rexistraron maior número de **contratacións** no termo municipal de Boiro.

Analizando os datos por sexo, conséntase que as **mulleres** presentan unha ocupación do 75,83% respecto das contratacións masculinas (195 contratacións femininas fronte a 257 masculinas).

Existe unha clara segregación ocupacional, contratándose ás mulleres en tarefas relacionadas coa limpeza (oficina, hoteis...) hostalería (camareiras), traballos de peóns nas industrias manufactureiras, e servizos (vendedoras, perruqueiras, azafatas, técnicas educación infantil, etc.), mentres que no caso dos **homes**, a concentración prodúcese case en exclusiva, na actividade de hostalaría (camareiros), tal e como pode apreciarse no gráfico adxunto.

EVOLUCIÓN DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS

Táboa T3. Actividades económicas (CNAE_2009) con maior número de traballadoras/es en xeral. Boiro, 2018.

SECCIÓN CNAE	MULLER	HOME	TOTAL
AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	2,28%	4,28%	3,36%
INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	17,35%	8,56%	12,61%
SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	-	1,17%	0,63%
CONSTRUCCIÓN	1,37%	6,61%	4,20%
COMERCIO POR XUNTO E POLO MIÚDO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	13,70%	9,73%	11,55%
TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	-	0,78%	0,42%
HOSTALARÍA	39,73%	63,42%	52,52%
ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	0,46%	0,39%	0,42%
ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	2,28%		1,05%
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURIDADE SOCIAL OBRIGATORIA	0,91%	0,39%	0,63%
EDUCACIÓN	6,39%	1,17%	3,57%
ACTIVIDADES SANITARIAS E SERVIZOS SOCIAIS	0,91%	0,78%	0,84%
ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	2,28%	1,56%	1,89%
OUTROS SERVIZOS	10,96%	1,17%	5,67%
ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO EMPREGADORES DE PERSOAL DOMÉSTICO; ACTIVIDADES DOS FOGARES COMO PRODUTO	1,37%	-	0,63%

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

Así, continuando coas cifras de **contratación** en Boiro, na táboa T3 vese que a maior parte da poboación boirense contratada céntrase en actividades relacionadas coa hostalería (52,52% do total) seguidas xa de lonxe, polas contratacións rexistradas en actividades como a industria manufactureira, ou comercio polo xunto e o miúdo.

Táboa T4. Afiliacións rexistradas por sector de actividade. Boiro, 2018.

AFILIACIÓNS EN ALTA LABORAL POR SECTORES	DATO
Agricultura e pesca	992
Industria	1.119
Construción	529
Servizos	3.488

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Respecto das afiliacións rexistradas no ano 2018 (6.128) , destacan as relacionadas co sector servizos, representando o 56,92% do total, seguidas da industria, cun 18,26%.

Táboas T5 e T6. Actividades económicas (CNAE_2009) con crecemento e decrecemento sostido de traballadoras/es en xeral durante os últimos 4 anos. Boiro, 2014- 2018.

CRECIMENTO	OCUPABILIDADE
TRABALLADORES DAS INDUSTRIAS DO PEIXE	MOI ALTA
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	MOI ALTA
CAMAREIROS ASALARIADOS	MOI ALTA
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	MEDIA
PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	ALTA
MARIÑEIROS DE PONTE, MARIÑEIROS DE MÁQUINAS E AFÍNS	MOI ALTA
PERSONAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	ALTA
AXUDANTES DE COCIÑA	ALTA
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS CON TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO NON CLASIFICADOS BAIXO	MOI ALTA
COCIÑEIROS ASALARIADOS	ALTA
OFICIAIS, OPERARIOS E ARTESÁNS DOUTROS OFICIOS NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	MOI ALTA
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	MOI ALTA
PESCADORES DE AUGAS COSTEIRAS E AUGAS DOCES	MOI ALTA
PEÓNS DA PESCA	MOI ALTA
OUTRAS OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	MOI ALTA
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	MOI ALTA
PROFESORES E PROFESIONAIS DO ENSINO NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	MOI ALTA

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

DECRECEMENTO	OCUPABILIDADE
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	BAIXA
ALBANEIS	BAIXA
PESCADORES DE ALTURA	MEDIA

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións (IGC)

Táboa T7. Empresas por sector de actividade. Boiro. Ano 2017

Nº de empresas por sector de actividade	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2.079	882	102	188	907

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

O Concello de Boiro contaba cun total de 2.079 empresas no ano 2017. Distribuídas por sector de actividade, destacan as empresas de servizos, co 43,63% do total, e as empresas do sector de agricultura e pesca, co 42,42% do total.

Táboa T8. Empresas por condición xurídica. Boiro. Ano 2017

TOTAL EMPRESAS	2.079
Persoas físicas	1.567
Sociedades anónimas	13
Sociedades de responsabilidade limitada	400
Cooperativas	6
Outras	93

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Analizadas pola súa condición xurídica, o 75,37% teñen a condición de persoa física. E atendendo ao número de persoas asalariadas, destacan as empresas rexistradas no tramo de 0 a 2 asalariados/as, representando o 89,90% do total. Un dato que evidencia o peso das micropemes, como principal modalidade no tecido empresarial do Concello.

Táboa T9. Empresas por número de persoal asalariado. Boiro. Ano 2017

EMPRESAS POR ESTRATRO DE ASALARIADOS/AS	TOTAL
De 0 a 2 asalariados/as	1.869
De 3 a 5 asalariados/as	121
De 6 a 9 asalariados/as	42
De 10 a 19 asalariados/as	34
De 20 a 49 asalariados/as	6
De 50 a 99 asalariados/as	5
De 100 a 249 asalariados/as	1
De 250 ou máis asalariados/as	1

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Participación social

A información que se reflicte a continuación, foi obtida mediante a análise **das enquisas de avaliación do II PIOM remitidas ao persoal técnico e político do Concello, así como asociacións e profesionais dos corpos de seguridade, profesorado e persoal do ámbito sanitario.**

Das súas respostas, despréndense as seguintes **conclusións xerais:**

Entre as principais problemáticas detectadas no municipio relacionadas coas desigualdades por razón de xénero, destaca a incidencia de respostas relacionadas coa falta de flexibilidade nas empresas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral (Ítem 1.1.)

1.1. Falta de flexibilidade nas empresas para a conciliar a vida persoal, familiar e laboral e rixidez dos horarios nos servizos públicos.

1.2. Falta ou escaseza de recursos para a conciliar a vida persoal, familiar e laboral (centros de atención á primeira infancia, centros de día, etc.).


1.3. Pouca sensibilización sobre a necesidade de corresponsabilidade nas tarefas doméstica.

1.4. Falta de sensibilización entre o empresariado e as persoas traballadoras sobre medidas de conciliación ou de igualdade de oportunidades (postos directivos, retribucións salariais...).

1.5. Baixa participación política, cultural e/ou social das mulleres.


1.6. Violencia sexista (física, psicolóxica ou sexual).

1.7. Outras.




Respecto da tipoloxía de servizos considerados máis necesarios para o fomento da conciliación da vida persoal, familiar e laboral da poboación de Boiro, **destacan:**

- 2.1. Recursos para a infancia (gardarías, ludotecas, bebetecas, actividades de coeducación...).
- 2.2. Recursos para persoas con discapacidade e/ou persoas dependentes.
- 2.3. Recursos para persoas maiores (centro de día, residencia xeriátrica...).



Entre as **accións máis efectivas para o fomento da corresponsabilidade, considéranse prioritarias:**

- 3.1. Obradoiros de corresponsabilidade para homes.
- 3.2. Charlas de sensibilización sobre o uso dos tempos.
- 3.3. Obradoiros de corresponsabilidade coa infancia e a xuventude.




Por último, considéranse como **recursos, actuacións ou proxectos que deberían incluírse no III Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do concello de Boiro**, os seguintes:

- 4.1. Xornadas de sensibilización sobre a igualdade de oportunidades para distintos colectivos (infancia, xuventude, mulleres, maiores, migrantes...).
- 4.2. Medidas de conciliación da vida laboral, familiar e persoal.
- 4.3. Programas de coeducación nos centros escolares e metodoloxías coeducativas nos programas impulsados dende a área de xuventude.
- 4.4. Actuacións para a prevención e o tratamento da violencia de xénero (servizos e recursos de intervención e apoio as vítimas, campañas de sensibilización...).
- 4.5. Fomento da participación igualitaria no mercado laboral (xornadas informativas e formativas, sensibilización...).
- 4.6. Fomento do emprendemento empresarial en igualdade de condicións.

4.7. Fomento da participación social (espazos de diálogo para mulleres interculturais,, actividades culturais...).

4.8. Programas para o empoderamento feminino (autocoñecemento e autoestima, hábitos de vida saudables...).



Saúde

TáboaS1. Movemento natural da poboación. Concello de Boiro. 2018.

Movemento natural da poboación	Total	Homes	Mulleres
Nacementos	139	63	76
Defuncións	187	88	99
Saldo vexetativo	-48		

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

O ano 2017 péchase cun **saldo vexetativo negativo**, rexistrándose máis defuncións que nacementos.

Táboa S2. Esperanza de vida segundo o sexo. Provincia da Coruña, 2017.

	TOTAL			HOMES			MULLERES		
	Ao nacer	Aos 65 anos	Aos 80 anos	Ao nacer	Aos 65 anos	Aos 80 anos	Ao nacer	Aos 65 anos	Aos 80 anos
A Coruña Ano 2017	83,13	21,54	10,18	80	19,23	8,8	86,1	23,53	11,1


Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

De acordo coa táboa **S1**, a esperanza de vida das mulleres (na provincia de A Coruña) é superior á dos homes ao nacer e nas idades de 65 e 80 anos.

O primeiro cálculo, relativo á **esperanza de vida ao nacer**, fai ver que as mulleres poden sobrevivir 6 anos máis que os varóns, podendo cumprir elas os 86 anos, fronte aos 80 estimados para o caso dos homes.

Esta diferenza redúcese cando alcanzan os 65 e os 80 anos. Así, no primeiro caso, a **esperanza de vida** das mulleres ao cumprir os **65 anos**, é superior á dos homes en 4 anos, chegando elas a cumprir os 88 anos, fronte aos 84 estimados para eles.

No segundo caso a diferenza redúcese en menos dun ano, calculando así que a idade que poderían alcanzar as mulleres de **80 anos** serían os 91 anos, moi seguidas da idade máxima á que se calcula que poderían chegar os varóns, uns 90 anos.


Gráfico S1. Defuncións segundo sexo e idade. Boiro, 2017.

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

No ano 2017 (último dato referido no IGE) o Concello de Boiro contaba cunha poboación de 18.885 persoas, das cales 9.227 eran mulleres e 9.658 eran homes. Tomando isto como referencia, pódese afirmar que as **defuncións** nese mesmo ano corresponderon ao 0,99% das persoas de Boiro. Analizando segundo o sexo, as falecidas foron un 1,03% entre o total de mulleres boirenses, e os falecidos un 0,95% do total de homes.

En referencia ao total de defuncións respecto do sexo, quedaría distinguido cun 52,94% de falecidas (99) e un 47,06% de falecidos (88).

Gráfico S3. Tipo de defuncións segundo sexo. Provincia da Coruña, 2016.



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Como se pode ver no presente gráfico, entre as **causas de defuncións** no ano 2016 (último dato rexistrado) na provincia de A Coruña destacan tanto para homes como para mulleres dous motivos principais: as enfermidades do sistema circulatorio e os tumores.

No primeiro caso, as enfermidades do sistema circulatorio causaron o 32,34% de defuncións rexistradas na provincia (12.574), sendo o 36,50% das mulleres e un 28,32% dos homes afectados por este motivo.

Sobre a segunda causa de morte, os tumores causaron o 28,54% das defuncións, correspondendo a un 34,63% das mulleres e un 22,22% dos homes.

Táboa S3. Persoas cuidadoras de dependentes. Galicia e provincia da Coruña, 2017.

	Incidencia	Porcentaxe	Número
Galicia	5,39	100	144.539
A Coruña	5,59	42,93	62.056

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)


No relativo ao número de **persoas cuidadoras de dependentes**, a información obtida data do ano 2017, nos ámbitos territoriais de Galicia e da provincia da Coruña.

Tal e como se pode observar na **táboa S2**, máis do 42% das persoas cuidadoras de dependentes en Galicia atopábase na provincia da Coruña, polo que se conclúe que existe un claro envellecemento da poboación.

Táboa S4. Persoas cuidadoras de dependentes por sexo. Galicia. 2017.

	Incidencia	Porcentaxe	Número
Total Homes	4,15	37,24%	53.821
Total Mulleres	6,55	62,76%	90.718
Total	5,39	100,00%	144.539

Gráfico S4. Persoas cuidadoras de dependentes segundo sexo e idade. Galicia, 2017.




Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Na táboa e **gráfico S4** especificáse **o sexo e a idade das persoas cuidadoras** en Galicia no ano 2017, e pode comprobarse que a meirande parte das mesmas son mulleres, cun 62,76% fronte a un 37,24% de homes cuidadores.

Segundo grandes grupos de idade, destacan as persoas cuidadoras entre 45 e 64 anos, supoñendo un 52,85% do total de mulleres e un 47,54% do total de cuidadores homes.

A elevada porcentaxe de persoas cuidadoras con 65 e máis anos tamén é preocupante, representado o 30,44 dos homes, e o 30,71% das mulleres.

Con esta información, confírmase que **as tarefas de coidado continúan estando feminizadas**, recaendo na maioría dos casos en mulleres, e a idade das persoas cuidadoras atópase por enriba dos 45 anos, destacándose os casos de persoas maiores de 65 anos, con impacto seguro sobre a súa saúde e calidade de vida.

Gráfico S5. Recursos humanos en atención primaria. Boiro, 2017.

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

O **centro de saúde** de Boiro contaba no ano 2017 cun total de 56 profesionais desempeñando diversos postos, descritos no **gráfico S5**. Entre eles, destacan os relativos ao servizo de ATS e a atención médica xeral, cun 30,36%.

Outros servizos presentes no centro de saúde, pero que destacan por contar con pouco persoal, son os relacionados coa infancia e a muller, con 3 pediatras e 1 matrona. Así, como a ausencia do servizo de psicoloxía, moi necesario para a atención de enfermidades crónicas ou graves, ou a atención ás persoas dependentes e ás súas familias.

Violencia de xénero

Táboa V1. Concellos e poboación que compón o Partido Xudicial N° 10 de A Coruña, Ribeira. 2017.

Concello	Poboación		
	Total	Homes	Mulleres
Boiro	18.885	9.227	9.658
A Pobra do Caramiñal	9.440	4.603	4.837
Ribeira	27.159	13.386	13.773

Fontes: Instituto Galego de Estatística (IGE) e Consello Xeneral do Poder Xudicial (CXPX)

O concello de Boiro pertence ao **Partido Xudicial de Ribeira**, xunto con este concello e o da Pobra do Caramiñal. Tomando como referencia o total da **poboación** comprendida neste Partido Xudicial, o concello de Boiro representaba no ano 2017 un 34,04% da mesma, sendo a segunda localidade con maior poboación do Partido Xudicial. Segundo sexos, as mulleres boirenses supoñen un 33,90% do total da poboación feminina e os homes un 34,17% da masculina.

O Concello de Boiro conta cun **Centro de Información á Muller**, composto pola Dirección (con formación específica e experiencia laboral relacionada), e dous profesionais (das especialidades de dereito e psicoloxía) que prestan un servizo confidencial, anónimo e gratuíto, a todas as mulleres que desexen información, asesoramento individualizado e apoio en temas xurídicos, sociais, laborais e emocionais coa finalidade de desenvolver plenamente a súa vida persoal.

Se ben as funcións do CIM abranguen máis que a loita contra a violencia de xénero (tal e como se constata nas funcións relacionadas), queda patente que é un dos servizos ao que acoden as mulleres cando se atopan en situación ou risco de sufrir violencia de xénero.

Entre as funcións do CIM, atópanse:

1. Prestar **asesoramento xurídico e atención psicolóxica** ás mulleres que o demanden, de forma individual ou colectiva, formando parte dun grupo ou asociación de mulleres, así como a calquera persoa, en asuntos relacionados coa promoción social da igualdade de xénero. Entre estas a:
 - a. Mulleres vítimas de violencia de xénero, ás súas crianzas e ás persoas menores ou maiores dependentes delas.
 - b. Mulleres pertencentes a outros colectivos en situación de vulnerabilidade e/ou risco de exclusión social.
 - c. Ao colectivo LGTBI, tanto individualmente como ás asociacións e federacións.
2. Facilitando o **acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma**, incluíndo a xestión urxente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que sexan oportunos ás mulleres vítimas de violencia de xénero así como ás súas crianzas e persoas menores ao cargo ou maiores dependentes.
3. **Atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade**, co obxectivo de mellorar a súa situación persoal, social ou laboral, informándolles sobre os recursos dispoñibles no seu ámbito territorial e área de influencia.
4. **Difusión e sensibilización cidadá** acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes e da necesidade da consecución de igualdade de dereitos e de integración social do colectivo LGTBI.
5. Funcionamento como **canle de comunicación entre as persoas usuarias e os distintos organismos** que teñan competencias en materia de muller e igualdade e atención e integración do colectivo LGTBI.
6. **Información sobre cursos, estudos e xornadas en materia de igualdade de oportunidades**, tanto no ámbito de xénero como para o colectivo LGTBI e, en especial, difusión de actividades e servizos desenvolvidos polo órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.


7. **Realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos** sobre temas de especial incidencia na consecución do principio de igualdade, tanto no relacionado co xénero como coa temática da diversidade sexual.
8. **Actuacións de dinamización** levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade, cara á integración da perspectiva de xénero nos programas e actuacións que desenvolve a entidade local, así como o establecemento de canles de comunicación e colaboración con outros axentes presentes no territorio e que poidan ser de interese para o desenvolvemento das actividades do centro no ámbito educativo, sanitario, etc.
9. **Recepción de denuncias e queixas** en materia de discriminación por razón de xénero ou por razón da identidade ou orientación sexual no ámbito da publicidade e nos medios de comunicación e traslado destas aos órganos competentes.
10. **Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres** en todos os ámbitos.
11. **Colaboración co órgano competente en materia de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia** naqueles casos en que este órgano o demande para a atención ás persoas usuarias e para a promoción da igualdade de xénero, no exercicio das súas competencias.
12. **Colaboración e coordinación con outras administracións públicas** que poida redundar na mellora da atención ás persoas usuarias.
13. **Impulso para a constitución e funcionamento das mesas locais de coordinación interinstitucional** contra a violencia de xénero como mecanismo útil para a harmonización de todos os axentes e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.
14. **Fomento do asociacionismo do colectivo LGTBI** e de actividades encamiñadas á súa integración efectiva en todos os ámbitos da vida social e económica.

De acordo cos datos oficiais, **o CIM de Boiro atendeu no ano 2018 un total de 724 consultas.** Deste total, **622 foron realizadas por mulleres (86%)** e 102 por homes (14%). Asemade, houbo comunicacións telefónicas, algunhas veces por petición das usuarias e noutros casos a iniciativa da dirección, coa finalidade de facer seguimento das usuarias ou resolver problemas de documentación. As usuarias do CIM son, na súa maioría, residentes no Concello de Boiro, aínda que hai que destacar unha pequena porcentaxe que provén de concellos limítrofes como Pobra do Caramiñal, Rianxo, Catoira ou Padrón.

O resumo do **tipo de consultas realizadas no ano 2018**, desprende que o asesoramento xurídico e a atención ás vítimas de violencia machista, son as dúas causas que maior incidencias presentan, tal e como pode observarse na seguinte táboa. A maioría das consultas recibidas na dirección do CIM foron derivadas a outros departamentos ou servizos: asesoramento xurídico, atención psicolóxica, departamento de servizos sociais comunitarios, servizo de orientación ao traballo.

Táboa V2. Tipoloxía das consultas realizadas no CIM. Boiro, 2018.

Atencións no Centro de Información ás Mulleres de Boiro	Nº CONSULTAS
Outra información	20
Información recursos	0
Información cursos, xornadas, e actividades	2
Orientación ao emprego	0
Atención a vítimas de violencia machista	252
Atención psicolóxica	138
Asesoramento xurídico	312
TOTAL	724



Fonte: Centro de Información ás Mulleres (CIM) de Boiro. Memoria de actividade 2018

Ademais das derivacións explicadas anteriormente expostas, **o CIM mantén unha comunicación permanente con diferentes servizos, cos que se coordina para prestar unha atención as persoas usuarias do centro. Estes son:**

- Posto da Garda Civil de Boiro.
- Policía Local do Concello de Boiro.
- Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Rianxo.
- Servizos Sociais Comunitarios do Concello de A Pobra do Caramiñal.
- Cáritas Diocesana de Boiro.
- Cruz Vermella – Boiro.
- Centros de Información á Muller da contorna, fundamentalmente Noia e Ribeira.
- Xulgado de 1ª Instancia e Fiscalía de Ribeira.

ATENCIÓN A VÍTIMAS DE VIOLENCIAS MACHISTAS

Na parte específica de violencia de xénero, durante o ano 2018 seguiu-se a producir un aumento significativo de casos de mulleres vítimas de violencias machistas, maltratadas física e psicolóxicamente, con prevalencia de estas últimas.

Especialmente rechamante e preocupante é o número de mulleres menores de 25 anos, que acudiron ao centro solicitando información sobre os recursos a vítimas de violencia, aínda que en moitos casos desbotaron a axuda que se lles podía prestar e foron reticentes á poñer en coñecemento da autoridade xudicial a súa situación.

En relación co tipo de consulta recibida, algunhas destas mulleres recibiron unha primeira consulta conxunta da directora, psicóloga e avogada, coa finalidade de non revitimizar á muller e non facela pasar por unha narración repetitiva do seu relato. Unha vez valorada a intervención que precisaba, continuaba o seu itinerario de atención seguindo a derivación precisa.

Noutros casos, aínda que se detectara diverso grao de afectación, as mulleres foron atendidas de forma simultánea pola persoa psicóloga e avogada xa que se entendía que precisaban un apoio continuado de ambos servizos debido a que os procesos xudiciais, tanto na xurisdición penal coma na civil, xeran dúbidas suficientes que fan preciso un apoio constante.

De todos os xeitos, e pese a que as cifras de atención sofren un aumento constante e alarmante, séguese a comprobar que **existe un medo á denuncia cada vez máis notable**. Tal e como sinala a propia memoria do servizo, “este medo ten a súa orixe por unha parte as reaccións do agresor e pola outra, e realmente preocupante, pola percepción de que as institucións non van a axudar á muller, maiormente a falta confianza na xustiza no senso de crer que non va a ser quen de protexelas”.

Tamén se observan evidentes inseguridades sobre todo no caso de mulleres que non traballan e que polo tanto carecen de recursos económicos inmediatos. Esta situación agudízase cando as mulleres teñen fillos ao seu cargo. A falta de apoios familiares fortes dificulta o abandono da convivencia co agresor e polo tanto a continuidade da situación de maltrato. Neste sentido destácase que **o recurso das casas de acollida non cobre as necesidades reais de cobertura habitacional inicial ás mulleres vítimas de violencia de xénero**.

Séguese a atender situacións de violencia de xénero onde a muller cunha idade media de 50 anos e que leva toda súa vida soportando situacións de malos tratos, sobre todo psicolóxicos, ve con dificultade a posibilidade de mudar a súa vida, polo que perpetúa a súa convivencia co agresor.

CARACTERÍSTICAS FORMATIVAS E LABORAIS DAS USUARIAS

En relación co nivel formativo das mulleres usuarias, cabe salientar que a maioría das mulleres teñen un **nivel formativo elemental**, aínda que temos varias mulleres con estudos medios e superiores.

Por outra banda, no eido laboral, **en comparación con anos anteriores**, no servizo atópase **máis número de usuarias con emprego estable ou empregos ocasionais**. Estas persoas traballan principalmente en **sectores relacionados co mar, na industria conserveira ou no sector servizos**.

ANÁLISE GLOBAL DA VIOLENCIA DE XÉNERO

Segundo a información obtida a través de informes oficiais, no período de cinco anos comprendido entre os anos 2013 e 2017, produciuse un **incremento** no número de **denuncias por violencia de xénero** no conxunto de España e en Galicia.

Táboa V3. Denuncias por violencia de xénero. España e Galicia, 2013-2017.

España	2.013	2.014	2.015	2.016	2.017
Número de denuncias	124.893	126.742	129.193	143.535	166.260
Taxa por millón de mulleres	5.279	5.367	5.472	6.070	7.012
Galicia	2.013	2.014	2.015	2.016	2.017
Número de denuncias	5.174	5.209	5.210	5.683	6.436
Taxa por millón de mulleres	3.639	3.681	3.701	4.054	4.605

Fonte: IGE: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI)

En liña cos datos de denuncias rexistradas, no mesmo período de referencia, o número de mulleres perceptoras da RAI tamén medra.

Táboa V3. Mulleres perceptoras da Renda Activa de Inserción . España e Galicia, 2013-2017.

	2013	2014	2015	2016	2017
España	32596	34550	34695	33565	31398
Galicia	1197	1311	1303	1331	1213

Fonte: IGE: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI)

A **Renda Activa de Inserción (RAI)** é unha axuda extraordinaria para persoas que teñen dificultade para atopar traballo e en situacións de necesidade económica. As vítimas de violencia de xénero adoitan atoparse nestas situacións por diversos motivos, polo que os datos da táboa V3, nos permiten observar a cantidade de mulleres que accederon a este tipo de axudas durante o período comprendido entre o ano 2013 e o 2017.

Táboa V4. Internos/as que compren condena en penitenciarías por delitos de violencia de xénero. Galicia. 2017.

Ano 2017	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Porcentaxe Mulleres	Porcentaxe Homes
Total	3292	3095	197	5,98	94,02
Preventivos	332	323	9	2,71	97,29
Prisión	2958	2770	188	6,36	93,64
Penados	2918	2733	185	6,34	93,66
Penados c/preventiva	40	37	3	7,50	92,50
Arresto fin de semana	-	-
Impago de multa	-	-
Medidas de seguridade	2	2	0	0,00	100,00
Tránsitos	-	-

Fonte: IGE: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI)

Do total de persoas **condenadas en Galicia por delitos de violencia de xénero** (3.292), só o 5,98% son mulleres, fronte ao 94,02% dos homes. O 89,85% cumpren pena de cadea.

Táboa V5. Ordes de protección. España e Galicia, 2013-2017.

España	2013	2014	2015	2016	2017
Ordes de protección solicitadas	32831	33167	36292	37958	38488
Porcentaxe de ordes de protección acordadas	58,9	56,6	57,4	64,1	67,7
Galicia	2013	2014	2015	2016	2017
Ordes de protección solicitadas	1490	1327	1564	1693	1928
Porcentaxe de ordes de protección acordadas	59,4	62,5	59,5	67	66,6

Fonte: IGE: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI)

Tal e como recolle o Instituto da Muller, unha orde de protección é un *instrumento legal deseñado para protexer ás vítimas de violencia doméstica e/ou de xénero fronte a todo tipo de agresións, e concentra nunha única e inmediata resolución xudicial (auto) a adopción de medidas de protección e seguridade de natureza penal e de natureza civil.*

As **ordes de protección** dítanse en casos en que, existindo indicios fundados da comisión dun delito ou falta contra a vida, a integridade física ou moral, a liberdade sexual, a liberdade ou seguridade dunha muller (por parte dun home que sexa ou fora o seu cónxuxe ou parella, aínda sen convivencia), resulta dunha situación obxectiva de risco para a vítima que require a adopción dalgunha medida de protección. Con todo, a solicitude dunha orde de protección non supón o seu acordo, tal e como se contempla na presente táboa.

Facendo unha comparación entre o conxunto de España e a comunidade autónoma de Galicia, no ano 2017, Galicia comprende un 5,01% do total de ordes de protección solicitadas no conxunto estatal. Tal e como se ve na táboa,

o total de 67,7% de ordes concedidas no conxunto español sitúase un punto por enriba da porcentaxe de acordos galegos (66,6%).

Táboa V6. Víctimas mortais por violencia de xénero. España e Galicia, 2013-2017.

España	2013	2014	2015	2016	2017
Número	54	55	60	45	51
Taxa por millón de mulleres	2,26	2,31	2,53	1,9	2,15
Galicia	2013	2014	2015	2016	2017
Número	3	6	8	4	2
Taxa por millón de mulleres	2,1	4,22	5,65	2,84	1,42

Fonte: IGE: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI)

Tomando como referencia o período comprendido entre o ano 2013 e 2017, o rexistro de **víctimas mortais por violencia de xénero** en Galicia, supón no ano 2017, o 3,92% das vítimas estatais. Durante o período da análise, obsérvase que o ano 2015 foi o máis trágico, cun total de 60 vítimas a nivel de Estado, e 8 en Galicia (o 13,33% dos casos).

Os prexuízos sobre a violencia de xénero, así como sobre o perfil das persoas que a sofren e as que a executan, están moi estendidos na nosa sociedade: clase social, independencia/dependencia económica, idade, procedencia, contexto cultural, etc. Tales prexuízos sinalan, entre outras cousas, á xente de países sudamericanos ou de relixión musulmá porque a tradición patriarcal e machista está moi arraigada, así como tamén se afirma que entre a xente nova xa non existen situacións de violencia, relacionándoo desta forma con xeracións anteriores.

Por ese motivo, crese importante facer visible unha serie de datos sobre a violencia de xénero, centrados neste caso na nacionalidade e na idade das vítimas e dos agresores, para contrastar cos prexuízos aínda existentes.

Táboa V7. Persoas condenadas por sexo e nacionalidade. Galicia. 2017

2017	Número			Distribución porcentual por nacionalidade				
	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Ambos sexos	Homes	Mulleres	Porcentaxe Mulleres	Porcentaxe Homes
Total	14121	11610	2511	100	100	100	17,78	82,22
Españois	12787	10545	2242	90,55	90,83	89,29	17,53	82,47
Estranxeiros	1334	1065	269	9,45	9,17	10,71	20,16	79,84

Fonte: IGE: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI)

Tal e como se pode observar na táboa V7, entre as **persoas condenadas por delitos de violencia de xénero, só o 9,45% son de orixe estranxeira** (1.334).

Táboa V8. Persoas condenadas por sexo e idade. Galicia. 2017

	TOTAL	Homes	Mulleres	% Homes	% Mulleres
Total	14.121	11.610	2.511	82,22	17,78
De 18 a 20 anos	1.018	794	224	78,00	22,00
De 21 a 25 anos	1.801	1.455	346	80,79	19,21
De 26 a 30 anos	1.716	1.381	335	80,48	19,52
De 31 a 35 anos	1.860	1.552	308	83,44	16,56
De 36 a 40 anos	1.897	1.580	317	83,29	16,71
De 41 a 50 anos	3.118	2.597	521	83,29	16,71
De 51 a 60 anos	1.725	1.454	271	84,29	15,71
De 61 a 70 anos	739	602	137	81,46	18,54
Máis de 70 anos	247	195	52	78,95	21,05

Fonte: Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (MSSSI)

Na táboa V8 pode observarse como as persoas condenadas, analizadas por **grupos de idade de vítimas**, se concentran nos tramos comprendidos entre os 31 e os 50 anos, supoñendo o 48,69% do total. Resulta **preocupante** o dato do número de **persoas agresoras entre os 18 e os 30 anos**, supoñendo o 32,12% do total, poñendo de manifesto que as agresións se producen cada vez máis entre a xente máis nova.

Plan de acción

Descrición

O **Plan de acción** é unha ferramenta de programación de actuacións para cumprir determinados obxectivos e metas como resposta ás prioridades detectadas. Deste xeito, facilita a organización para levar a cabo un proxecto.

Un plan de acción pode involucrar a distintos departamentos e entidades encargadas do seu cumprimento, ademais de incluír os obxectivos a realizar e a forma de levalos a cabo, considerando as posibles restricións, consecuencias e revisións das actuacións segundo sexa necesario. Polo tanto, o plan de acción – como **ferramenta de apoio ao Plan de Igualdade** – propón unha forma **traballar sobre os obxectivos específicos fixados mediante unha serie de fichas** onde se recollen os pasos desenvolvidos para a realización de cada medida proposta.

É preciso ter en conta a realización dun control e exame deste tipo de plans tanto durante o seu desenvolvemento como ao seu remate. As observacións recollidas durante a vixencia do Plan de Igualdade facilitan a corrección de cuestións precisas e a avaliación, ao seu remate, axuda a establecer o balance do mesmo e a confirmación de se os obxectivos formulados foron cumpridos.

Nas seguintes páxinas aparece reflectido o **Plan de acción** relativo ao **III Plan de Igualdade de Oportunidades de Boiro, 2019-2022**, indicando os distintos obxectivos xerais e específicos segundo ámbitos de actuación, acompañados das medidas de acción previstas.

Educación e sensibilización

OBXECTIVO XERAL. Fomentar a educación baseada en valores igualitarios e a sensibilización sobre estas actitudes mediante actividades prácticas e enfocadas á realidade local.

Obxectivo específico 1. Promover a educación igualitaria e inclusiva na comunidade educativa e na sociedade boirense en xeral.

Medidas:

1. Realización de actividades de coeducación para os distintos niveis educativos nos centros escolares, en coordinación co persoal técnico de Servizos Sociais e o CIM.
2. Organización de xuntanzas lúdicas entre os centros educativos e/ou a comunidade educativa para traballar de forma colaborativa a prevención de comportamentos discriminatorios.
3. Desenvolvemento de actividades de ocio educativo para infancia e xuventude que fomenten a igualdade de oportunidades e a corresponsabilidade.
4. Realización de actividades formativas e informativas para familias que promovan a coeducación.
5. Conmemoración de datas significativas, como o 8 de marzo ou o 25 de novembro, con actividades para alumnado nos centros educativos e para o público en xeral.

Obxectivo específico 2. Impulsar a sensibilización sobre igualdade de oportunidades en diferentes ámbitos sociais.

Medidas:

1. Organización de actividades culturais para infancia e xuventude que fomenten valores igualitarios a través da participación activa.
2. Xornadas de sensibilización sobre a igualdade de oportunidades dirixidas a toda a poboación ou a colectivos concretos.
3. Elaboración de estudos para o seguimento da situación da igualdade de oportunidades no municipio.
4. Difusión do III Plan de Igualdade de Oportunidades entre as diversas comunidades que conforman a vida local de Boiro: comunidade educativa, sanitaria, policial, empresarial, tecido asociativo e público en xeral.
5. Revisión das comunicacións e publicacións municipais dende a perspectiva de xénero, co fin de garantir o emprego dunha linguaxe inclusiva e imaxes non discriminatorias.
6. Realización de actividades formativas dirixidas á poboación en xeral nas que se traballaban diferentes aspectos relacionados co desenvolvemento persoal e social da persoa, as chamadas habilidades sociais, para promover o empoderamento feminino e as relacións sociais das mulleres.

Formación, emprego e conciliación

OBXECTIVO XERAL. Pular pola formación orientada ao emprego con perspectiva de xénero e polo emprendemento local, con promoción do empoderamento feminino. Promover a conciliación entre os ámbitos laboral, persoal e familiar.

Obxectivo específico 1. Fomentar o empoderamento e o emprendemento con perspectiva de xénero e en igualdade de condicións.

Medidas:

- 1.** Organización e posta en práctica de accións formativas de información, orientación, busca de emprego, formación continua e formación ocupacional. Dirixidas prioritariamente á poboación feminina, para promover a súa inserción e promoción laboral, pero non de forma exclusiva.
- 2.** Organización de xornadas informativas e actividades de sensibilización sobre o emprendemento de mulleres e homes en igualdade de condicións.
- 3.** Actividades formativas e de capacitación que poidan axudar a atopar novas oportunidades de emprego ou melloras nas condicións de contratación: novas tecnoloxías, idiomas, primeiros auxilios, recursos humanos, fotografía, redes sociais, etc.
- 4.** Impulso e fomento da implicación feminina no tecido produtivo grazas a unha formación ocupacional adecuada ás oportunidades laborais da Comarca, con especial incidencia na formación relacionada co turismo, comercio e servizos.
- 5.** Facilitar o acceso das mulleres rurais a servizos e recursos potenciando a súa participación no desenvolvemento sostible.

6. Promoción da inclusión sociolaboral das mulleres que se atopen en situación de especial vulnerabilidade (risco ou situación de exclusión social) a través da colaboración con plans de emprego municipais e promovidos por entidades locais.
7. Divulgación de boas prácticas empresariais comprometidas coa igualdade, tanto de empresas locais como doutros municipios que poidan adaptarse á realidade boirense.

Obxectivo específico 2. Facilitar a conciliación laboral, familiar e persoal con medidas coherentes coa realidade boirense.

Medidas:

1. Achega de recursos que favorezan a conciliación destinados á infancia, maiores e dependentes en xeral: campamentos para períodos non lectivos, actividades extraescolares, apoio escolar, respiro familiar, centros de día, centros sociais de reunión para terceira idade, etc.
2. Organización de actividades fóra de horario e período escolar que favorezan a conciliación, en colaboración co tecido asociativo local.
3. Adecuación ou axeitamento de instalacións e equipamentos públicos para favorecer a conciliación, aproveitando así os recursos dispoñibles: bibliotecas, centros sociais e centros socioculturais.
4. Axudas económicas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.
5. Promoción das diferentes medidas que faciliten a conciliación tales como a flexibilidade horaria e o teletraballo.
6. Difusión de todas as medidas de conciliación existentes para asegurar o acceso da poboación a esta información: páxina web do concello, dípticos facilitados a organizacións, asociacións, locais frecuentados pola poboación, etc.

7. Difusión a todo o persoal do Concello de todas as medidas de conciliación existentes para asegurar o acceso a esta información por parte das persoas potencialmente usuarias.

Participación social e corresponsabilidade

OBXECTIVO XERAL. Acadar a participación activa das mulleres boirenses na vida social, cultural, deportiva e de ocio e tempo libre, e a corresponsabilidade entre homes e mulleres.

Obxectivo específico 1. Fomentar a participación activa de mulleres e homes en igualdade de condicións.

Medidas:

1. Favorecer a creación de tecido asociativo entre as mulleres a través de asesoramento ás asociacións de mulleres, asociacións veciñais, de maiores, culturais, etc., co asesoramento e xestión de axudas, o impulso as reunións coas asociacións e entre asociacións, etc.
2. Programar actividades para promover a participación social das mulleres, especialmente as máis novas, no tecido asociativo e o empoderamento feminino en xeral.
3. Organización de xornadas de sensibilización sobre a práctica deportiva de mulleres e homes de forma igualitaria.
4. Establecer mecanismos de comunicación (páxina web, correo electrónico, follas de suxestións...), que permitan facer achegas da cidadanía á programación de actividades municipal.

Obxectivo específico 2. Promover a corresponsabilidade entre mulleres e homes grazas a un mellor reparto equitativo dos tempos.

Medidas:

1. Organización de obradoiros sobre corresponsabilidade para homes e xuventude.
2. Organización de obradoiros sobre corresponsabilidade nos centros educativos para asegurar a educación igualitaria das futuras xeracións.
3. Fomento da corresponsabilidade a través de actividades dirixidas ás familias.

Violencia de xénero

OBXECTIVO XERAL. Activar estratexias de prevención e sensibilización ante a violencia de xénero en tódolos ámbitos de intervención con competencia municipal.

Obxectivo específico 1. Actuar a favor da sensibilización social e a prevención contra a violencia de xénero.

Medidas:

1. Desenvolvemento de xornadas educativas de sensibilización en materia de violencia de xénero a través dos IES, colexios e comunicades educativas, para facilitar a detección da violencia de xénero e, en consecuencia, promover o seu rexeitamento e as medidas de intervención existentes.

2. Desenvolvemento de obradoiros nos centros educativos para potenciar a adquisición e transmisión de valores de igualdade, sensibilizar ao alumnado sobre a diversidade de modelos de feminidade e masculinidade existentes na sociedade, fomentar a convivencia e a igualdade de trato entre ambos sexos como forma de previr a discriminación e a violencia de xénero.
3. Desenvolvemento de accións formativas específicas para o ámbito educativo (profesorado, ANPAS, familias en xeral, persoal técnico e político relacionado coa Educación, etc.) que favoreza a identificación das manifestacións máis comúns da violencia de xénero.
4. Desenvolvemento de obradoiros nos centros educativos sobre detección precoz de sinais de acoso, control e violencia entre adolescentes.
5. Realización de accións dirixidas especialmente a familias para concienciar sobre a importancia da igualdade de oportunidades e de trato, e a eliminación dos estereotipos de xénero, como forma de previr discriminacións e violencia por razón de sexo.
6. Conmemoración de datas significativas como o 25 de novembro con actividades para alumnado nos centros educativos e para o público en xeral.
7. Realización de xornadas de sensibilización, prevención e tratamento da violencia de xénero e acoso sexual dirixidas a toda a poboación ou a colectivos concretos: mulleres novas, mulleres maiores, familiares, tecido asociativo, ámbito laboral, etc., co obxectivo de informar á cidadanía e incorporar un debate sobre as medidas, recursos e potencialidades recollidas no marco lexislativo actual.
8. Desenvolvemento de accións informativas e formativas para persoal técnico e político municipal sobre prevención e tratamento da violencia de xénero e o acoso sexual.

9. Elaboración de estudos para o seguimento da situación da violencia de xénero no municipio.
10. Elaboración dun itinerario de tratamento integral da violencia de xénero para coordinar todas as actuacións a desenvolver no concello.

Saúde

OBXECTIVO XERAL. Promover a saúde integral – física e psicolóxica – da poboación en todos os ámbitos vitais.

Obxectivo específico. Pular pola saúde integral das mulleres de Boiro e sensibilizar sobre as súas problemáticas específicas.

Medidas:

1. Promoción de hábitos de vida saudables desde a infancia ata a xuventude para evitar prácticas nocivas (prevención do consumo de alcohol e substancias aditivas).
2. Dotación de recursos para a práctica de actividades deportivas, actividades na natureza, etc. para as e os adolescentes, promovendo así un tempo de ocio saudable.
3. Organización de actividades formativas ou xornadas informativas sobre a práctica deportiva para promover a saúde integral das mulleres e de resolución de dúbidas sobre problemáticas de saúde propias das mulleres, con especial atención aos tramos de máis idade e ao autocoidado.
4. Desenvolvemento de actividades deportivas dirixidas a promover a saúde das mulleres en colaboración coas distintas asociacións do

concello, facilitando a participación das mesmas coa organización de actividades paralelas para a infancia ou persoas dependentes.

5. Desenvolvemento de xornadas sobre sexualidade dirixidas a diferentes tramos de idade, tratando aspectos propios de cada etapa evolutiva.

Avaliación e seguimento

Para que un plan de igualdade sexa totalmente efectivo, precísase establecer unha serie de mecanismos de **avaliación e seguimento**, co fin de poder identificar puntos fortes e febles que se poidan corrixir mentres se levan á práctica as medidas contempladas e ao remate da súa vixencia.

De forma xeral, queda prevista a avaliación e o seguimento do III PIOM de Boiro mediante a realización de informes e memorias que valoren a posta en práctica das accións.

Así, é preciso matizar as diferenzas entre estes conceptos:

- A **memoria** é a recompilación ordenada e detallada de datos sobre unha actividade realizada, recollendo as impresións obtidas do proceso de seguimento e avaliación da propia actividade.
- O **seguimento** fai unha valoración das memorias elaboradas durante a vixencia do Plan e xunto coa avaliación permite unha toma de decisións apropiada segundo as percepcións recollidas. O propósito do seguimento é facer unha observación obxectiva que reconduza as actividades necesarias para cumprir os obxectivos do PIOM.
- A **avaliación** permite reorientar e reconsiderar os obxectivos do PIOM. Esta é a principal diferenza co seguimento, xa que este basicamente observa a adecuación entre os obxectivos pretendidos e os resultados obtidos.

Ademais, é importante concretar os organismos e/ou departamentos responsables do seguimento e das diferentes avaliacións, así como o procedemento que se empregará para a toma de decisións de acordo cos informes técnicos resultantes. A formación dunha comisión de seguimento entre as persoas responsables da elaboración e o desenvolvemento do Plan de Igualdade facilitaría a realización de ditas tarefas, sendo positiva a

participación de distintos axentes sociais e políticos sensibilizados e implicados na materia.

De acordo co anterior, a avaliación do PIOM implica realizar unha valoración das medidas postas en marcha e o seu alcance, tendo en conta:

- Unha **avaliación inicial** da planificación a desenvolver, analizando a viabilidade dos contidos do PIOM, a temporalidade e os organismos e/ou entidades implicadas.
- Unha **avaliación puntual**, recomendable no caso de detectarse discrepancias entre os resultados dunha actividade concreta e os obxectivos inicialmente previstos. A avaliación puntual ten carácter extraordinario.
- Unha **avaliación continua** para facilitar a corrección das accións cando sexa preciso de forma inmediata. Esta avaliación permitirá comprobar o cumprimento do PIOM e realizar un seguimento máis efectivo.
- E unha **avaliación final** ao remate da vixencia do PIOM, a través da que se valorará o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos e a necesidade de valorar novas metas en futuras planificacións.

A recollida de información para os procesos de seguimento e avaliación realizarase a través da **cobertura de fichas** – unha para cada medida prevista no Plan de Acción –, sendo responsables das mesmas as persoas ou organismos encargados do desenvolvemento do PIOM.

Os **indicadores** que deberan aparecer nas fichas están destinados a medir o nivel de execución das actividades e deberán contemplar unha desagregación por sexo sempre que sexa posible. Como exemplo de indicadores cítanse os seguintes:

- Número de accións realizadas.
- Perfil das persoas asistentes ás actividades, desagregando por sexo e idade.
- Número de persoas beneficiarias de cada unha das accións realizadas.

- Número de entidades e asociacións participantes.
- Satisfacción persoal das e dos asistentes a cada unha das actividades.
- Material empregado.
- Número de profesionais e organismos implicados na programación e execución das actividades.
- Custo de cada acción.
- Número e tipo de campañas de difusión realizadas.
- Inversión económica (estimado e final).

ANEXOS

Agradecementos

O **Concello de Boiro**, agradece a participación de todos aqueles axentes sociais que formaron parte da elaboración deste **III Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes**, xa que as súas achegas sobre a realidade social e as posibilidades de intervención favoreceron a toma de decisións sobre as medidas a recoller no presente documento.

Por este motivo, agradécese a colaboración de:

- Persoal técnico municipal.
- Tecido asociativo.
- Centros educativos.
- Centro de saúde.
- Policía Local.
- Garda Civil.
- Partidos políticos.

Glosario

A

Acción positiva. Medidas dirixidas a un grupo determinado, coas que se pretende suprimir e previr unha discriminación ou compensar as desvantaxes resultantes de actitudes, comportamentos e estruturas existentes (denominadas ás veces "discriminación positiva").

B

Barreiras invisibles. Actitudes resultantes das expectativas, normas e valores tradicionais que impiden a capacitación da muller para os procesos de toma de decisións, dificultando así a súa plena participación na sociedade.

C

Conciliación da vida laboral, persoal e familiar. Introducción de sistemas de permiso por razóns familiares de atención á infancia, persoas maiores e dependentes en xeral, e creación dunha estrutura e organización do entorno laboral que facilite a mulleres e homes a combinación entre o traballo e as responsabilidades familiares e domésticas.

Corresponsabilidade. Reparto das responsabilidades domésticas entre mulleres e homes favorecendo a participación total das mulleres na vida pública e potenciando a corresponsabilidade dos homes nas actividades do ámbito familiar, co necesario cambio de perspectiva sobre a relación existente entre os ámbitos público e privado, considerando que estes espazos interdependentes e complementarios na vida de toda persoa teñen a mesma importancia.

D

Discriminación directa. Situación na que se trata a unha persoa de forma menos favorablemente en razón co seu sexo, orixe racial ou étnico, relixión ou crenzas, discapacidade, idade ou orientación sexual.

Discriminación indirecta. Situación na que unha lei, unha normativa, unha política ou unha práctica, aparentemente neutrais, teñen un impacto desproporcionadamente adverso sobre os membros dun ou doutro sexo, ou prexudica ás persoas por motivos de orixe racial ou étnico, relixión ou crenzas, discapacidade, idade ou orientación sexual, a menos que a práctica poida xustificarse obxectivamente por un obxectivo lexítimo.

División sexual do traballo. División do traballo remunerado e non remunerado entre mulleres e homes, tanto na vida privada como na pública en función dos roles asignados tradicionalmente.

E

Empoderamento. Capacitación para unha plena participación nos procesos de toma de decisións. Refírese ao proceso de acceso a recursos e ao desenvolvemento das capacidades persoais para participar activamente en modelar a vida propia e a da súa comunidade en termos económicos, sociais e políticos.

Equidade entre homes e mulleres. Imparcialidade no trato a homes e mulleres. Pode tratarse de igualdade no trato ou dun trato diferente, pero considerado equivalente en termos de dereitos, obrigas e oportunidades.

Estereotipos de xénero. Conxunto de crenzas existentes sobre as características que se consideran apropiadas para homes e para mulleres nunha sociedade determinada e nun momento histórico concreto.

F

Feminismo. Doutrina social favorable á muller, a quen concede capacidade e dereitos reservados antes aos homes. Movemento que esixe para as mulleres iguais dereitos que para os homes.

I

Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Ausencia de toda barreira sexista para a participación económica, política e social.

Igualdade entre sexos. Situación en que todos os seres humanos son libres de desenvolver as súas capacidades persoais e de tomar decisións, sen as limitacións impostas polos roles tradicionais.

Igualdade formal. Acceso de homes e mulleres ás mesmas oportunidades, ás mesmas condicións e igual tratamento en todos os campos da vida e esferas da sociedade. Supón o recoñecemento xurídico da igualdade, incluíndo a non discriminación por razón de sexo. Persegue a eliminación de todas as formas de discriminación explicitamente recollida nas leis.

Igualdade real. Eliminación de toda discriminación por razón de sexo en calquera ámbito da vida. Supón a interposición de medidas necesarias para que a igualdade sexa efectiva.

L

Linguaxe non sexista. Linguaxe sen trazos relacionados cos prexuízos culturais de xénero.

M

Mainstreaming. Organización e reorganización, mellora, desenvolvemento e avaliación dos procesos políticos, de modo que unha perspectiva de igualdade

de xénero se incorpore en todas as políticas, a todos os niveis e en todas as etapas, polos actores normalmente involucrados na adopción de ditas políticas.

P

Paridade. Representación equitativa de mulleres e homes en todos os ámbitos sociais.

Perspectiva de xénero. Consideración e atención ás diferenzas entre mulleres e homes en calquera actividade ou ámbito dados dunha política.

R

Roles de xénero. Pautas de acción e comportamento asignadas a homes e mulleres respectivamente, inculcadas e perpetuadas.

S

Segregación no mercado laboral. Concentración de mulleres e de homes en tipos e niveis diferentes de actividade e emprego, onde as mulleres se ven confinadas a unha menor gama de ocupacións que os homes, en sectores e empregos específicos (**segregación horizontal**), e a postos de traballo inferiores, en grados e niveis concretos de responsabilidade (**segregación vertical**).

Sexismo. Tendencia discriminatoria que valora ás persoas en razón do seu sexo considerándoo inferior ao outro.

Sexo. Características físicas que marcan diferenzas biolóxicas entre machos e femias.

Socialización de xénero. Proceso de aprendizaxe por medio do cal a sociedade, a través dos axentes de socialización (familia, escola, medios de comunicación, grupo de iguais) transmite crenzas, valores e comportamentos dominantes que os membros desa sociedade deben desenvolver segundo o sexo ao que pertencen.

T

Teito de cristal. Barreira invisible resultante dunha complexa trama de estruturas en organizacións dominadas por varóns, que impide ás mulleres acceder a postos importantes socialmente.

Transversalidade. Integración da perspectiva de xénero no conxunto das políticas. Integración prioridades e necesidades específicas de mulleres e homes en todas as políticas, con vistas a promover a igualdade de oportunidades, e recorrer a medidas xerais que supoñan a consecución da igualdade, tendo en conta os seus efectos nas situacións propias dunhas e doutros cando se apliquen, supervisen ou avalíen.

V

Violencia de xénero. Violencia sustentada nunha relación de desigualdade entre o xénero masculino e feminino, amosándose mediante ameazas, forza física ou chantaxe emocional, adoptando diferentes expresións, entre as que se inclúen a violencia sexual, o maltrato a mulleres, o acoso sexual, o incesto ou a pederastia.

Violencia doméstica. Violencia referida a agresións físicas, sexuais ou psicolóxicas que poñen en perigo a seguridade ou o benestar dun membro da familia.

X

Xénero. Concepto que fai referencia ás diferenzas sociais aprendidas (por oposición ás biolóxicas) entre homes e mulleres. Estas cambian co tempo e presentan grandes variacións tanto entre diversas culturas como dentro dunha mesma cultura.

Marco legislativo

Os obxectivos e actuacións recollidos no **III Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do concello de Boiro** enmárcanse na lexislación e recomendacións existentes e vixentes no momento da súa elaboración.

A continuación, cítase a relación de normas e programas que configuran o marco normativo das estratexias en materia de igualdade segundo os ámbitos internacional, comunitario, estatal, autonómico e local.

Ámbito internacional

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1949
- Convención sobre os dereitos políticos das mulleres. 1952
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller. 1967
- Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller (CEDAW). 1979
- Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. 1993
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing. 1995
- Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos. 1997
- Declaración do Milenio. 2000
- Documento final do Cumio Mundial. 2005

Ámbito da Unión Europea

- Tratado de Amsterdam. 1997
- Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia. 2002
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo. 2002

- Regulamento 806/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao fomento da igualdade entre as mulleres e os homes na Cooperación e Desenvolvemento. 2004
- Directiva do Consello 2004/113/CE do 13 de decembro, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso de bens e servizos e o seu subministro
- Directiva 2006/54/CE sobre igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres. 2006
- Compromiso estratéxico para a igualdade de xénero 2016-2019 Unión Europea (Comisión Europea)
- II Pacto Europeo pola Igualdade de Xénero 2011-2020

Ámbito estatal

- Constitución española. 1978
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica. 2003
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. 2003
- Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código Penal, que modifica os artigos 33 e 57. 2003
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. 2004
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. 2007
- Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades. 2018-2021

Ámbito autonómico

- Decreto legislativo 2/2015, 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

- A Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.
- VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020.

Ámbito local

- II Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades do Concello de Boiro.

CONCELLO DE BOIRO

III PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES MUNICIPAL